

**D. ÁNGEL – LUÍS LÓPEZ PITA, SECRETARIO XERAL DO
CONCELLO DE SANXENXO (Pontevedra).**

CERTIFICO : Que a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día **OITO DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS**, entre outros, adoptou o seguinte acordo :

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RESOLUCIÓN DE EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE “EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS DE TEMPADA” – Lotes A y B :
Dáse conta da Proposta da Alcaldía de 7 de Xullo actual, que literalmente di :

“O licitador proposto pola Mesa de Contratación en sesión celebrada o 5 de xullo de 2016 para a adxudicación da explotación dos servizos de tempada na praia de **Silgar**, correspondente ao **Lote A, D. DIEGO CASTAÑO CASTRO**, renunciou á contratación mediante escrito presentado no **Concello de Sanxenxo** o 5 de xullo de 2.016, co número 7128 de rexistro de entrada.

A Mesa de Contratación, reunida en sesión o 6 de xullo de 2016, á vista do escrito de renuncia, propuxo como adxudicatario do contrato ao licitador que obtivo a segunda puntuación máis alta **D. JOSÉ CARLOS CASTAÑO VARELA**. Unha vez presentada a documentación requirida polo licitador, é polo que propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Adxudicar polo período de 1 ano (tempada 2016), coa posibilidade de tres prórrogas de 1 ano cada unha (tempadas 2017, 2018 e 2019), a explotación dos servizos de tempada que o **Servizo Provincial de Costas de Pontevedra** autorice anualmente na praia de **Silgar** do **Concello de Sanxenxo**, correspondente ao **Lote A**, a **D. JOSÉ CARLOS CASTAÑO VARELA**, conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polas que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario, únicamente sobre os servizos e superficie obxecto de contratación, que inclúe o aboamento ao **Concello de Sanxenxo** dunha **cantidade anual de NOVENTA E TRES MIL CENTO SETENTA EUROS (93.170,00 €) (IVE ENGADIDO)**, debendo procederse a formalización de contrato en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación desta adxudicación.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

- As únicas plicas presentadas e admitidas para obter a esta contratación, foron as presentadas polo renunciante D. Diego Castaño Castro e D. José Carlos Castaño Varela.
- A plica do renunciante, D. Diego Castaño Castro, foi a que acadou a maior puntuación **100 puntos**, xa que polo criterio do desenvolvemento da actividade, criterio subxectivo dependente de xuízo de valor, de conformidade co informe técnico de data 30 de xuño de 2.016, obrante no expediente, a Mesa de Contratación otorgoulle unha puntuación máxima de **50 puntos e 50 puntos** polo criterio de prezo, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada no **sobre C** a fórmula prevista na **cláusula 8** do prego de cláusulas administrativas particulares.



- A plica de **D. JOSÉ CARLOS CASTAÑO VARELA**, a do adxudicatario, foi a segunda máis puntuada, **43,57 puntos**, xa que polo criterio do desenvolvemento da actividade, criterio subxectivo dependente de xuízo de valor, de conformidade co informe técnico de data 30 de xuño de 2.016, obrante no expediente, a Mesa de Contratación otorgoulle unha puntuación de **43,57 puntos** e **00,00 puntos** polo criterio de prezo, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada no **sobre C** a fórmula prevista na **cláusula 8** do prego de cláusulas administrativas particulares.

3º) Notificar este acordo a todos os licitadores presentados, xa sexan admitidos ou excluídos, ao procedemento de contratación deste **Lote A**.

4º) Tendo en conta que, para o **Lote B (PRAIA BALTAR)**, non se presentou á licitación ningunha oferta, é polo que propoño á Xunta de Goberno Local, declare deserto este contrato """".

Vista a fiscalización con carácter favorable do expediente por parte da Intervención Xeral de data 7 de Xullo de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a Proposta anteriormente transcrita.-----

E para que así conste e surta os efectos convenientes, e coa salvidade do Art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente co Visto e Prace do Sr. Alcalde, en Sanxenxo a oito de Xullo de dous mil dezaseis.



**Vº e Dce.
O ALCALDE,**

